

SANTUARIOS E FESTAS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

Publicado no Boletín “Croatia” nº 23. 2013. Castro de Viladonga (Castro de Rei) (Lugo)

I. O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

1. SITUACIÓN DO SANTUARIO

COORDENADAS U.T.M.

X: 631.940

Y: 4.809.685

O santuario está situado na parroquia da Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo. Dende o punto de vista eclesiástico pertence ó arciprestado de Mondoñedo, da diócese de Mondoñedo-Ferrol, e civilmente ó concello de Mondoñedo, da provincia lucense.

O municipio de Mondoñedo encóntrase situado na comarca da Mariña Central, a metade de camiño entre a costa lucense e a Terra Chá. Dende o punto de vista físico, o concello está situado ó pé do rebordo montañoso que enmarca a planicie da Terra Chá polo norte. Ademais, presenta un relevo abondo accidentado, bañado por unha rede de arroios e ríos que conforman a cabeceira do río Masma. Así, a capital municipal está situada nun fértil val na confluencia dos ríos Cesuras e Valiñadares.

Por outra banda, malia ser un concello do interior, a súa escasa distancia respecto ao mar e a carencia de barreiras topográficas motiva que as súas temperaturas sexan suaves.

Tocante á demografía do municipio, compre salientarmos unha perda demográfica dende principios do século XX. Non embargantes, dende 1970 prodúcese un estancamento ata o intre actual. Sen dúbida, a consecuencia de todo este proceso é un crecemento vexetativo negativo, onde un proceso migratorio (1950-70) e unha baixa taxa de natalidade, e (unha baixa taxa) de mortalidade, son os trazos máis característicos da poboación do concello.

Dende o punto de vista histórico, todo o val de Mondoñedo foi centro de asentamentos que, logo, serían o fundamento do futuro burgo. Así da Idade do Bronce consérvanse dólmenes, petrogrifos. Tamén, hai unha importante cultura castrexa, que está reflectida, entre outros, nos castros de Os Castelos de Viloalle ou no de Zoñán dos Remedios. Da época romana hai restos de calzadas (romanas). Nesa época, é posible que a poboación estivese asentada no actual barrio de Os Castros e paseniño iría desprazándose de cara ás terras máis baixas.

Con respecto á orixe da diócese, probablemente comeza no século V coa chegada dun grupo de bretóns que funda a diócese britoniense. Non embargantges, o auxe de Mondoñedo non comeza ata o ano 1117, cando se ubica a sé da diócese en Vilamaior, que ata entón estivera situada en San Martiño de Mondoñedo. Neste auxe tamén intervén Alfonso VII quen no ano 1156 eleva o concello á categoría de cidade. Logo, en 1182, Fernando II decide trasladar a diócese a Ribadeo, pero esta retorna a Mondoñedo sobre o 1230, época na que comeza a construción da catedral.

Polo ano 1320 iníciase a construción dunha muralla coa finalidade de pechar a cidade e, deste xeito, poder evitar a entrada de pestes e protexer a súa actividade económica. Logo, o século XV caracterízase, entre outros trazos, porque Mondoñedo foi escenario dalgunhas revoltas, como a que culminou coa execución do mariscal Pedro Pardo de Cela, no ano 1483, por orde dos Reis Católicos.

Dende comezos do século XVI ata o ano 1834, Mondoñedo foi unha das sete provincias do Reino de Galicia e un lugar de paso de peregrinos polo camiño de Santiago na súa ruta da costa.

Por outra banda, a actividade económica do concello baséase no sector primario, que ocupa un 42,2% da poboación activa. Neste sector hai que facer referencia á gandería, proxectada de cara á produción láctea e cárnica; ás hortalizas, de especial consideración na provincia; e á riqueza forestal, que foi un importante soporte para o desenvolvemento da industria da madeira.

Asi mesmo, a capital municipal desempeña unha importante función comercial e administrativa, ocupando a un 30,14% da poboación activa, mentres que un 18,8% traballa na industria e un 8,2% na construción.

2. TRAZOS HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS SOBRE O SANTUARIO.

Nos seus inicios, o santuario dos Remedios foi unha ermida construída na Pena do Outeiro polo bispo de Mondoñedo D. Fray Francisco de Santa María Benavides a mediados do século XVI. Este prelado pasaba unha escritura perante Fernán Marques, o 13 de decembro de 1558, na que outorgaba a devandita ermida, unha casa e herdades que se encontraban contiguas, dúas eguas e un rocin castano escuro.

Tralas reedificacións levadas a cabo polos bispos D. Francisco de Torre y Grijalva (1658) e D. Manuel Navarrete Ladrón de Guevara (primeiro decenio do século XVIII), o edificio actual construíuno o importante bispo D. Fray Alejandro Sarmiento de Sotomayor no segundo cuarto do século XVIII.

No ano 1938, con motivo de celebrarse o segundo centenario da reedificación do santuario polo bispo Sarmiento, a Corporación municipal a instancias do Alcalde, tomou o acordo de asistir dun xeito perpetuo á misa solemne e á procesión o día da festividade da Virxen, e, ademais contribuir ao sostemento de dous lámpadas votivas para lucir de modo continuo perante á Virxe. Ademais, acordouse que o Alcalde, no nome da vila, realízase unha ofrenda de 380 pesetas., acordándose proclamar á Virxe dos Remedios “Patrona do Excmo. Concello de Mondoñedo”.

Por outra banda, e tendo en conta a devoción que se profesa á patroa de Mondoñedo en todo o territorio a que alcanzaba a antiga provincia de Mondoñedo e na xurisdicción que se estende a actual diócese, acordan xestionar dos concellos de Ferrol, Ortigueira, Ribadeo, Vilalba e Viveiro a súa adhesión aos dous primeiros acordos da Corporación municipal mindoniense, levando a cabo cada un dos citados concellos a ofrenda de cen pesetas. As corporacións das cidades e vilas mencionadas aproban a proposta, adheríndose á iniciativa do concello mindoniense. Dende aquela data celébrase no santuario dos Remedios a ofrenda á advocación mariana, que é iniciada polo concello de Mondoñedo no ano devandito, e, logo, polos outros concellos seguindo unha rigurosa orde alfabética. Polo tanto, a festa da patroa adquire un importante esplendor, xa que, acompañando á Corporación municipal, encargada de realizar a ofrenda, adoitan acudir numerosos fieis, así como as primeiras autoridades civís, eclesiásticas e militares da capital da provincia. Esta iniciativa levada a cabo polo

concello mindoniense goza dun decidido apoio do entón bispo de Mondoñedo D. Benxamín de Arriba y Castro.

D. Fernando Quiroga Palacios, bispo de Mondoñedo acadou que o papa Pío XII, no ano 1949, declarase á Virxe dos Remedios, patroa da cidade de Mondoñedo e de toda a diócese. O insigne doctor D. Fernando Quiroga quere comunicar ao pobo mindoniense tan grato evento. Así, o domingo día 9 de setembro, oficia un solemne Te Deum no santuario dos Remedios, ao que asisten o Ilmo. Cabildo; o excmo. Concello; as autoridades, o Seminario Santa Catalina, as organizacións de Acción Católica; a confraría dos Remedios mailas asociacións piedosas, as parroquias de Santiago e Carmen con cruz alzada e numerosos fieis, que ocuparon tanto o amplo templo, como o adro e gran parte da alameda dos Remedios. Neste oficio relixioso sube ao púlpito o doctor Fernando Quiroga Palacios, quen dando conta do rescripto pontificio, pronuncia unha fermosa plática na que exalta o fervor da diócese de cara á Virxe dos Remedios e fai alusión aos seus antecesores que tanto se adicaron a este santuario. Non embargantes a grande homenaxe á Virxe dos Remedios vaina a promover D. Fernando cando acada a súa Coroación Canónica no ano 1954, data na que xa era arzobispo de Santiago de Compostela e rexía a sé mindoniense D. Mariano Vega Mestre.

O santuario dos Remedios está situado na igrexa parroquial do mesmo nome. Presenta unha forma de cruz latina mais tan pouco pronunciada que case parece grega. As naves, os brazos do cruceiro e a capela maior se cubren con bóvedas de canon, sendo moi orixinal a disposición do transepto que forma un octógono de catro lados máis grandes e outros catro máis pequenos.

A fachada principal amosa dous corpos con pilastras e tamén a seguinte inscrición na que se lee: Esta capilla se principio en el mes de junio de 1733 y se acabó en junio de 1738, siendo obispo y Sr. de Mondoñedo, Dn. F. Ant. Alexadro Sarmiento de Sotomayor

En canto aos retábulos que encontramos no seu interior, distinguimos o retábulo maior, de estilo barroco. O seu dorado se contrató no ano 1745. Mostra dous corpos, con camarín e no seu interior a Inmaculada de importante talla e estofado; outro camarín coa imaxe dos Remedios e, por riba, a Asunción da Virxe. No segundo corpo, se amosan as imaxes de San Ildefonso e San Anselmo, e no primeiro, San Bernardo e San Ruperto. Tódalas imaxes estan estofadas.

No transepto, hai catro retábulos: dous de estilo barroco e dous de estilo rococó. Todos eles situados no seu corpo superior, enmarcan as ventás. Nos de estilo barroco, un deles mostra unha bonita imaxe de Santa Escolástica e o outro amosa un San Bento. Respecto ós de estilo rococó, nun deles hai un fermoso lenzo da Virxe e o Neno, moi do estilo dos pintores cortesanos do século XVIII.

Nos extremos do cruceiro hai outros dous retabulos, de estilo barroco, que son os máis antigos de todos, que mostran certa influencia popular. Son brancos, vermellos e verdes. Un dos relevos é un nacemento de execución moi fina, no que un dos pastores toca a gaita galega.

Finalmente no muro esquerdo da nave, encóntrase o sepulcro do bispo Sarmiento, do ano 1759. Presenta un lenzo do século XVIII da crucifixión.

3. A CONFRARÍA DA VIRXE DOS REMEDIOS.

No ano 1740 o bispo Sarmiento fundou esta confraría, á que podían pertencer fregueses dambolos dous sexos. Ó longo dos anos pasou por diferentes vicisitudes ata o punto que, no ano 1772, varios confrades tentaron unila á da Nosa Señora, erixida na parroquial de Santiago. Desde esa data non hai actas nos libros da confraría dos Remedios, polo que non sabemos se se realizou a unión ou se, pola contra, aquela tivo unha existencia decadente.

Nos comezos do século XX, D. Manuel Fernández de Castro, bispo de Mondoñedo, deulle un importante pulo á confraría, acadando que numerosos fregueses se fixeran confrades desta asociación.

Hai dous tipos de confrades: os de estatuto e os de indulxencias e sufraxios comúns. Os confrades de estatuto satisfacen unha cota de entrada de cincuenta céntimos, se son menores de idade; de unha peseta, se son adultos; e de dúas pesetas, se cumpriron os sesenta anos. Ademais, todos teñen que entregar unha cota anual de cincuenta céntimos. Non embargantges, os confrades de indulxencias e sufraxios comúns só deben aportar unha peseta sen cota ulterior.

Tódolos confrades gañan indulxencia plenaria o día de ingreso, o día da festa dos Remedios e no intre da morte. Tamén, son partícipes do oficio fúnebre que mensualmente se oficia polos finados e as obrigacións dos vivos. Ademais, os confrades de estatuto teñen outras gracias: a asistencia do estandarte da confraría aos actos do enterro; a unha misa polos confrades falecidos, colocándose candeas na casa mortuoria;

a doce fachas que se colocan ó redor do túmulo durante as honras fúnebres, se o falecemento do confrade ten lugar na parroquia dos Remedios Pola contra, se a morte sucede noutra parroquia da vila ou da diócese pagarase o imoporte do alumeado ao párroco correspondente.

Por outra banda, a confraría aparte dos oficios da parroquia, celebra ademais algúns propios da asociación, como, unha función mensual , con rosario, oracións tomadas da novena e bendición co Santísimo; unha función semellante á mensual tódolos sábados; e anualmente a solemne novena e a conmemoración da festa o día dos Remedios.

4. PIEDADE POPULAR.

A este recinto sagrado, o segundo domingo de setembro do ano 2012, acudiron devotos procedentes non só da comarca mindoniense senón tamén doutros concellos limítrofes, como o Valadouro, Lourenza, Alfoz, da cidade de Lugo, e tamén da mariña lucense nororiental¹.

Os pedimentos máis usuais adoitaron ser por doenzas humanas. Non obstante, tamén houbo rogativas de carácter precautorio de doenzas e da facenda familiar. E, ademais, prégoose á Virxe por problemas de índole familiar e social, entre os que houbo que distinguir a falta de traballo, o consumo de droga etc. Agora ben, o pedimento vai vinculado ó cumprimento dunha serie de promesas, que poden levarse a cabo, indistintamente, denantes ou despois da concesión do rogo. E para iso, os fieis adoitaron tomar parte en diferentes rituais e cumpriren diversas ofrendas, que describo a seguir:

Nove días denantes da festividade, un bo número de devotos da vila mindoniense e de parroquias limítrofes participaron na novena, na que tiveron lugar, en sesión matutina e vespertina, os habituais sermóns, misas, oracións propias de cada un dos nove días e rezo de rosarios. A comezos do século XIX, compúxose esta novena, da que non sabemos quen foi o autor dun xeito oficial. Non embargantes, segundo a tradición, parece que foi realizada por D. Antonio María de Castro Neira, crego de San Pedro de Argomoso dende o ano 1810 ao 1826.

¹ Estámonos refirindo ao ano 2005. A festividade da Virxe dos Remedios sempre se conmemora o segundo domingo de setembro.

Neste día, os devotos, logo de acceder ao templo, oíron unha das sete misas que se oficiaron ás nove, dez e once da mañá, ó mediodía, e a unha, seis e oito da tarde. O lúns ás doce celebrouse un oficio relixioso polos confrades difuntos.

Ademais, no interior do santuario poñen o santo. Este ritual realizouse no presbiterio e no lado dereito do cruceiro, onde dous fregueses dos Remedios, con senllas imaxes pequenas da Virxe, fixeron unha cruz por riba da cabeza dos fieis, que bicaron a imaxe mariana, mentres os poñentes recitaban a seguinte xaculatoria:

***“Cristo vive,
Cristo reine,
Cristo te libre de todo mal. Amén.
Que a Virxen dos Remedios,
che dea a sanidade,
e che cure a enfermidade. Amén.
Polo poder que Dios ten
e a Virxen María. Amén”.***

Así mesmo, os devotos levaron a cabo outro ritual de contacto consistente en tocar cuns panos ou coas súas mans a advocación mariana dos Remedios, situada no lado esquerdo do cruceiro. Logo, pasaronos pola cara e outras partes do corpo cunha finalidade precautoria e curativa.

Por outra banda, no adro da igrexa os fieis realizaron o ritual de circunvalación e participaron na procesión. O ritual de circunvalación consistiu en dar unha ou máis voltas ó redor da igrexa, de pé e calzados, portando nas súas mans unha imaxe da virxe. A medida que os fieis remataban o ritual ían pasando a imaxe mariana a outros, que o ían iniciar.

As doce, o novo bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol, D. Manuel Sánchez Monge presidiu a misa solemne no transcurso da cal o alcalde de Ferrol D. José Manuel Rei –ano 2012– realizou a tradicional ofrenda á Virxe dos Remedios, patroa da diocese de Mondoñedo-Ferrol². Ó finalizar a misa solemne, formouse a procesión que percorreu

² O alcalde ferrolán estivo acompañado non só dunha representación municipal da cidade, que preside, senón tamén de rexidores doutros municipios diocesanos, como Ortigueira, Ribadeo, Vilalba, Viveiro e da vila anfitriona, Mondoñedo.

a Rúa das S. Lucas, subiu pola Alameda dos Remedios, dende onde retornou ao templo parroquial. Os elementos que interviron no desfile procesional ían dispostos do seguinte xeito:

A cruz parroquial e dous ciriais levados por rapaces da freguesía dos Remedios. O estandarte parroquial levado por tres mozas vestidas co traxe galego. Un grupo de gaitas. A imaxe da advocación mariana levada nas andas por oito devotos e fregueses da comunidade parroquial. O bispo da diócese de Mondoñedo-Ferrol e os cregos concelebrantes. As autoridades do concello e doutras localidades pertencentes ao partido xudicial de Mondoñedo, que van acompañando ao alcalde que fixo a ofrenda a á Virxe dos Remedios. Como remate, os fieis colocados sen distinción de idade e sexo.

A advocación mariana, sae en procesión dúas veces ó ano: na festividade dos Remedios, e na procesión do Corpus, acompañando ao Santísimo, que sae da Catedral.

Non embargantes, no transcurso dos anos houbo unha serie de procesións penitenciais nas que a imaxe da Virxe saiu do seu santuario pola súplica colectiva dos seus devotos que solicitaban a súa intercesión perante algunha calamidade.

No ano 1651, por mor dos destrozos que estaba ocasionando un temporal entre os mindonienses, as autoridades do concello decidiron levar en procesión a advocación mariana dos Remedios ata a Catedral, onde se celebrou unha Novena. O Cabildo e o Deán doaron unha alfaia á Virxe por valor de douscentos reais.

Así mesmo, o 7 de xuño de 1808, a advocación mariana dos Remedios foi levada en procesión ata a Catedral, onde se lle celebrou un novenario para suplicar a súa mediación na loita que se iniciara contra os franceses.

A mediados do século XIX, a vila mindoniense viuse afectada por unha epidemia de tifus. Isto motivou que o bispo da diócese, D. Tomás Iglesias y Barcones, mandase realizar procesións penitenciais ao santuario dos Remedios coa finalidade de pregar á Virxe a súa intercesión perante aquela calamidade que estaba sufrindo a vila.

Respecto ás ofrendas, compre sinalar que estaban ligadas ao pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar ao ente sagrado ou para compensalo polo favor acadado. Polo tanto, é común que se depositen diferentes ofrendas no transcurso da festividade.

Unha moi xeral é a de cera. Algúns devotos compraron candeas da súa mesma altura e adoitaron oír unha das misas oficiadas no santuario coa candea acesa. Houboos que trouxeron figuras de cera, que representan total ou parcialmente o corpo humano. Estas adoitaron deixalas nun altar, situado ó inicio do lateral dereito do cruceiro³.

Outra ofrenda característica foron os estipendios en misas⁴. Tamén ofreceron esmola en metálico que depositaron nun peto adicado á Virxe dos Remedios, que está situado no lado dereito da entrada ó santuario.

Segundo Trapero Pardo, no interior do recinto sagrado consérvanse exvotos das máis variadas características, como un barco de vela, o vestido e o cabelo dunha persoa doente, as muletas de algún coxo, os cadros con adicatorias de agradecemento á Virxe. Así, nun dos lenzos da parede do Santuario había un cadro ao óleo, de regular factura, que é o retrato dun cabaleiro, vestido a usanza do século XVIII, e que nunha actitude de reverencia, coas mans unidas, parece querer afirmar o que dí a lenda pintada ao pé do devandito retrato: ***“HALLÁNDOSE EL SEÑOR DN. JOSEF ESTEBAN SOMOZA Y SUAREZ ENFERMO. UN DEBOTO DE LA VIRGEN SANTÍSIMA DE LOS REMEDIOS YMPLORO SU AUSILIO YRECOBRO SU SAL.” AÑO DE 1791.***

No intre actual, os fieis aínda perciben o velero, situado no lado esquerdo do cruceiro.

Ademais, compre sinalar que esta advocación mariana recibiu, segundo Lence-Santar e Guitián, importantes exvotos durante os séculos XVIII e XIX.

Así, no ano 1781, o veciño de Manila, D. Antonio Rivera Montenegro, natural de Galdo (Viveiro), dispuxo en testamento que os 40000 pesos de capital que posuía se invertisen, unha parte en cultos e outras mandas piadosas na igrexa dos Remedios, e a outra a favor de parentes pobres da parroquia natal.

D. José María de Luaces y Presno, devoto entrañable da Virxe, en testamento de 31 do Nadal de 1830, donou á advocación mariana as seguintes alfaias: un reloxo de ouro, ornado con perlas e cunha cadea, tamén de ouro; un solitario de ouro, cun brillante do tamaño dunha avelá; un anel de ouro, cun reloxo no medio, ornado de diamantes; unha cruz de ouro, adornada de diamantes; e, como remate, outras tres cruces de ouro, ornamentadas con esmaltes brancos.

³ A ofrenda das candeas da mesma altura que os devotos aínda é algo moi habitual nos santuarios marianos.

⁴ No ano 2005, os devotos ofreceron unhas 200 misas, que tiveron un prezo de sete euros por unidade.

Por outra banda, neste templo hai un ritual consistente en tocar as campás cando ameaza unha treboada. A orixe deste rito radica nunha forte treboada, que afectou antano ás terras do val de Mondoñedo, agás das que estaban próximas ao santuario.

Todos estes elementos tentan ser, en suma, un reflicte da manifestación devocional á Virxe. E o sentir popular quiso perpetuar tamén tan fonda expresión por medio dalgunhas cantigas, algunha en galego, e as mais delas en castelán:

<i>Mondoñedo está nun baixo,</i>	<i>La Virgen de los Remedios</i>
<i>Vilanova, nun baixiño,</i>	<i>es pequeñita y galana:</i>
<i>Nosa Virxen dos Remedios</i>	<i>¡Ni que bajara del cielo</i>
<i>está á beira do camiño</i>	<i>el pintor que la pintara!</i>

<i>Virgen de los Remedios</i>	<i>Virgen de los Remedios,</i>
<i>remediadora,</i>	<i>¿cómo es tu manto?</i>
<i>remédame mi alma,</i>	<i>Del color de los cielos,</i>
<i>que es pecadora</i>	<i>azul y blanco.</i>

Ademais do sentir popular algúns poetas mindonienses, como **Lence Santar**, **Noriega Varela**, **José María Fernández e Trapero Pardo** adicáronlle fermosos poemas, dos que extractamos as seguintes estrofas.

LENCE SANTAR.

¡Ti fuches a salvadora
das traiñeiras de Morás,
cando na illa Colleira
se puso tan crecha a mar!
¡Ti fuches a salvadora
das sete lachas rinlegas
cando pescaban coa raba
nas augas de Benquerencia!

NORIEGA VARELA.

Santiña churruaqueiriña,
maja Virxen dos Remedios
a miña mai-santa amiga
que de Dios goce no ceo-
xa saberás que a levaron,
tras da cruz, pró cimiterio;
i-ora si Tu non m'amparas,
desamparado me vexo;

I as lanchas dos de Fazouro
 a Ti che deben a vida
 ó estar largando nas redes
 a carón da Forcadiña
 I aquel día de San Campio,
 cando as tres lanchas de Cangas
 ó fuxiren da galerna
 ¿quen sinon Ti as salvaba?
 ¡E Ti fuches quen salvaches
 ós marino do Barqueiro
 cando aquela noite moura
 tanto refoleaba o vento!
 I as lanchas dos de Celeiro
 frente ó cabo de Burela,
 ¿quen os salvou sinon Ti,
 Miña Santa, Miña Reina?
 A venerarte aló vamos
 os de Nois i os de Rueta,
 os de Faro e Portochao,
 os de Landrove e Xunqueira
 e tamen os de Viveiro.

JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ

“Llegué al Santuario
 donde estaba mi Reina,
 me postré ante sus piés de rodillas
 y miréla tan bella cual era.

 Ella abrió sonriente sus labios,

i-ora si non me recolles,
 quen me recolla non teño,
 ¡Santiña churrusqueiriña,
 orgullo de Mondoñedo!

 O cantar que a Virxe canta
 cando arrola ó seu Meniño;
 ¡meu caravel, miña rosa!
 ¡meu bico de paxariño!
 Santiña milagrosiña
 ¿lémbraсте? ...a nosa casiña
 onda a tua.

TRAPERO PARDO

Anochece... La ermita está desierta
 Simula un firmamento
 -a escala reducida- la cúpula. Y bajo ella
 es corpóreo el silencio...
 Hay un rayo de luz, esmorecido
 en un postrer reflejo,

los que tienen sonrisa sincera,	sobre el cristal que cubre a Jesús Niño,
los que tienen dulzura de mieles,	que mora de Gertrudis en el pecho.
los que tienen olor de azucena,	— — — —
aroma de rosas,	Paredes con exvotos.
perfume de esencias.	¡Pacíficos trofeos,
Y volviómese serenos sus ojos,	que la Señora alcanza en sus combates
los que al alma muy hondo penetran,	contra el dolor! ...Humildes, polvorientos,
los que brillan cual fúlgidos soles,	mudos, ¡ pero con voz que la Patrona
los que borran angustias y penas”	sabe discriminar!...Voces al viento
.....	¡mas ninguna perdida!...Pues de todas
.....	conoce ella el acento...

Cumpridos os oficios relixiosos, os devotos e fregueses da comunidade participaron do feiral laico, que estaba situado na Alameda dos Remedios, próxima ó santuario. Era o intre de percorrer os diferentes postos que tiña o feiral, ben para degustar o polvo, mercar rosquillas ou outras lambetadas, e xoguetes que logo podían causar a ledicia de pequenos e maiores.

Á noite, tanto as verbenas como as diferentes atraccións que hai ó caron do campo da festa, eran un bo reclamo para todos aqueles que aínda tiñan ganas e folgos de botar un baile e disfrutar dos diferentes carruseis.

Antano nestas festas adoitaba celebrarse, ás veces, una corrida de toros. Non embargantes, un dos actos máis populares era “a popular corrida do Tanguero”. Tratábase dun enorme monigote xiratorio de madeira, que representaba a un soldado vestido á usanza dos vellos tercios españois, con casco, armadura etc. Tiña os brazos en cruz. Dunha man pendía un escudo e da outra un saco, que contiña area, cinza etc. Os que tomaban parte como atacantes ían armados de longas lanzas de madeira e acometían ao Tanguero empuxando o escudo que levaba na man. Como o moneco xiraba, dun xeito rápido, ao menor impulso, se o atacante non acadaba saír do radio de acción dos brazos do Tanguero era golpeado polo saco que este levaba na man, producíndose esceas divertidas.

A estas festas acudía tódolos anos o popular gaiteiro Coruxeiras, que deleitaba ao público asistente coas suas muiñeiras e alboradas.

5. ILUSTRACIONES.



SANTUARIO DOS REMEDIOS



O BISPO SARMIENTO REEDIFICOU ESTE TEMPLO NO ANO 1738



ESMOLEIRO DA VIRXE DOS REMEDIOS



RITUAL DE “POÑER O SANTO”



RITUAL DE CONTACTO COA ADVOCACIÓN MARIANA



GRUPO FAMILIAR REALIZANDO O “RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN”

ARREDOR DO SANTUARIO



***CESIÓN DA IMAXE DA VIRXE DUNHA DEVOTA A OUTRA PARA COMEZAR
CO RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN.***



FIGURAS HUMANAS DE CERA COLOCADAS NO ALTAR



EXVOTO PECULIAR DA MARIÑA: UN VELERO



RITUAL PROCESIONAL



DETALLE DA PROCESIÓN

II. AS SAN LUCAS DE MONDOÑEDO.

1. ORIXE E TRAZOS HISTÓRICOS DAS SAN LUCAS.

Trátase dunha feira outonal, de carácter anual, adicada ó gando cabalar, mular e asnal, aínda que tamén se comercializan produtos propios desas datas como noces, castañas, avelás, fabas, garabanzos etc. Nelas, vendíanse ademais, segundo Lence Santar, variedade de obxectos necesarios para o quehacer vital, como ferramentas e diversos obxectos de ferro para o campo dos famosos ferreiros de Ferreiravella ou Riotorto; cestos e cestillas de Budián e outras parroquias do Valadouro; peines para teares de Bretoña e Aldulfe; rocas, fusos e parafusos de Riotorto e Coubeira (Mondoñedo); navallas, coitelos e tesoiras de Taramundi (Asturias) e a Pontenova; pezas de barro de Mondoñedo; lá, lenzos do país e típicas teas de lá e lenzo do Valadouro.

Nos seus inicios tiña unha duración de oito días, non embargantes co paso dos anos quedo reducida aos catro ou cinco días máis cercanos ao 18 de outono. Noutroora, ademais dos feirantes e tratantes da comarca mindoniense, viñan tamén outros pertencentes ás comarcas veciñas e mesmo de fóra de Galicia, como Aragón, Andalucía, Valencia, ámbalas dúas Castelas e Asturias. Só do partido xudicial de Mondoñedo acudían, entre outros, os seguintes tratantes de gando:

Paco do Trece, de Carballido do Valadouro; o Fero, de Vilaronte (Foz); Picouto e o Dos Lagos, de San Martín de Mondoñedo (Foz); Modesto, de Oirán (Mondoñedo); García e Xurxo de Cadavedo (A Pastoriza); Manuel de Paulo e Manuel do Pozo, de San Adriano (Lourenzá); Ramón da Carreira, de Galgao (Abadín); Daniel das Barxas, de Quende (Abadín); Méndez, de Moncelos (Abadín); José da Carreira, de Curros, e Valdés, de La Graña (Abadín).

Esta ampla área de influencia da feira deu lugar a que, dende sempre, fose considerada como unha das máis relevantes do Noroeste peninsular.

Respecto ás súas orixes, sabemos que o rei Alfonso VII deu a Vilamaior, antigo topónimo da vila mindoniense, o título de cidade. A concesión deste recoñecemento motivaba que a poboación adquirise unha serie de prerrogativas, como ter mercado en tódalas quendas do ano, e celebrar unha feira, durante oito días, na festa do 15 de

agosto, adicada a Santa María. Non embargantes, anos despois, esta feira de Agosto trasladouse ao 18 de outono, data na que igrexa conmemoraba ao apóstolo San Lucas, o que deu lugar ao xurdimento do nome actual das feiras: As San Lucas. O motivo deste traslado estivo relacionado co feito de que nestas datas había pouca asistencia de lugareños e público en xeral, xa que os labores ligados co campo impedíanlle vir á feira. Pola contra, no outono, as tarefas son máis livianas, e ademais os campesinos podían comercializar os excedentes das súa colleitas.

As primeiras referencias documentais desta feira, datan dos anos 1536 e 1669. O 16 de abril de 1669, perante a solicitude de varias localidades, o concello declarou libres de imposto o pan, o trigo, os capóns, os xatos, a manteiga, as frutas, as aves, os ovos, as coles, liñaza etc. Mais dispuxo que se cobrara dos lenzos, gando de catro pés, estopa e saial, pescado de mar e non de río e máis cousas que viñesen de fóra de Galicia ou pertencesen aos gremios da cidade.

Malia as vantaxes do cambio de data, no ano 1757 un grupo de mindonienses decidiu recuperar a data orixinal de celebración da feria. Polo tanto pediron o permiso necesario ante a corte española. Non embargantes, o cambio non deu resultado, e a feira volveuse celebrar no mes de outono.

Non hai noticias de que se levaran a cabo festexos e concursos polas feiras de S. Lucas ata finais do último tercio do século XIX. Así, nas feiras anuais de San Lucas do ano 1895, celebráronse unhas brillantes festas na vila mindoniense, planificadas por D. Emilio Tapia e Rivas, avogado e culto periodista. Coma sempre, houbo unha grande exposición de gando cabalar, colaborando a Deputación con 500 ptas, e con outras tantas o Ministerio de Fomento. Logo, o días 18 e 20, leváronse a cabo no campo dos Remedios dous importantes verbenas e unhas sesións de fogos artificiais. O día 19, tivo lugar a festa relixiosa que anualmente conmemoraba a consagración da catedral; ó remataren o oficio relixioso saiu a procesión que, presidida por D. Manuel Fernández Castro, bispo da diócese, percorreu as naves da catedral. Neste día distribuíronse entre os probes mil bonos de pan, a metade dos cales foron dados polo prelado e a outra metade polo orfeón e a rondalla. O día 21 celebrouse tamén un certame literario no salón teatro do casino, que foi presidido por D. Manuel Murguía e fixo de segredario D. Emilio Tapia e Rivas. Repartíronse dazaoito premios. Un deles, baseado na mellor poesía costumbrista galega, foi concedido ó poeta mindoniense D. Antón Noriega Varela, pola súa poesía “De Ruada”. Ademais, nestas feiras houbo un concurso de

gaitas galegas, tomando parte, entre outros, os famosos gaiteiros de o Xuio, de Cangas de Foz, e Ledín, da Fanoi (Abadín).

Compre salientar que, denantes do ano 1895, houbo xa concursos de gando cabalar no 1887-89 e, logo do 1895, celébraronse nos anos 1907, 1915, 1948, 1951 e 1952. Todos estiveron organizados polo concello, agás o de 1907, que correu a cargo da comisión organizadora das festas do S. Lucas. No concurso do ano 1952, houberon tamén grandes festas por iniciativa do alcalde D. Alejo Barja Prieto.

Así mesmo, dende o ano 1941, as feiras outonais do S. Lucas non foron a menos e os precios aumentaron. Así, mentres que no ano 1941, houbo un total de vendas aproximado de 1.932.000 pesetas, pola contra, no ano 1950, as vendas importaron os 3.000.000 pesetas.

2. AS SAN LUCAS NA ACTUALIDADE.

Neste século, houbo anos nos que as festas comezaron o día 16 de outono e remataron o 20 do mesmo mes. Cada un dos días tiña asignado un nome: o día 16, día dos “Revésperas”; o 17, día dos “Vésperas”; o 18, día de “as San Lucas”; o 19, día do Medio; e o 20, día “das Maulas”.

No ano 2005, as feiras e festas celebráronse dende o día 14 ata o 19 de outono, sendo o día principal o 18, día propio de S. Lucas⁵.

O día 14, ó serán, lanzáronse potentes bombas e volteáronse as campás da catedral para anunciaren o inicio das feiras e festas. Logo, as autoridades do concello, acompañados da reina e damas de honrra, así como dos Cocos e Cabezudos, inauguraron a iluminación que ía ter a vila durante as festas actuais, así como o feiral da Alameda. A continuación, no salón de actos do Instituto, o coengo da catedral mindoniense D. José López foi encargado de pronunciar o pregón das festas do presente ano. Á noite dúas orquestras amenizaron a primeira verbena popular das festas.

O día 15, diferentes grupos levaron a cabo pasarrúas pola vila. Logo, ás once da mañá, inaugurouse a terceira mostra de oficios tradicionais e produtos artesanais, que

⁵ Houbo anos, como no 2006, que os festexos duraron dez días. De tódolos xeitos as festas adoitan durar cinco días.

permanecerá aberta ata o próximo día 18. Os once expositores que interviron na mostra, estiveron ubicados no interior dunha carpa duns 100 metros cadrados, que habilitou o concello e que estivo situada na praza do mesmo nome. Estes expositores tiveron como finalidade proiectar ao exterior os seus traballos de ourivesaría, productos de prata, zocos e zocas, cerámica, coitelos, obxectos de decoración etc.

Este mesmo día, no campo coñecido como “A Granxa”, ábriuse ao público a “feiramostra as San Lucas”, que ata o día 18, amosou diferentes marcas de coches así como maquinaria agrícola e industrial.

Denantes de xantar, celebrouse unha breve sesión musical, e á noite dúas orquestras encargaronse de facer agradable a espera aos centos de persoas, que agardaban o concerto do duo madrileño “Pereza”, previsto para as doce na praza da catedral.

Os días 16 e 17, diferentes grupos realizaron pasarrúas pola vila. Logo, celebrouse denantes do xantar unha breve sesión musical, e á noitiña dúas orquestras deleitaron ás moitas persoas que participaban na verbena.

O día 18, día principal das festas, sairon os Cocos e os Cabezudos, e diferentes grupos levaron a cabo pasarrúas pola vila. Neste día, a comisión de feiras e festas, e as autoridades do concello inauguraron a “feira equina”, situada no campo dos Paxariños.

A feira de gando cabalar convirtiuse nun importante foco de atracción para todo o sector gandeiro equino. Os propietarios das cabanas de gando equino colocaronse, dende primeiras horas da mañá, no campo dos Paxariños. A organización destinou 5000 euros para impulsar este mercado, que o ano que ven cumpre 850 anos de celebración ininterrumpida. Deste presuposto, case 4000 euros destinaronse aos diferentes premios da feira⁶.

⁶ ***Premios da Feira mindoniense: Ano 2005.***

1. Maior número de cabezas de gando de monte. Mínimo, 100 cabezas: 700 euros.
2. Maior número de gando de monte. Mínimo, 60 cabezas: 450 euros.
3. Mellor cabalo galego de monte, macho e femia: 100 euros cada un no primeiro premio, e 60 euros cada un para o segundo premio.
4. Sete premios a grupos de máis de 25 cabezas, de 150 euros cada un.
5. Grupo de máis de 25 cabezas de mellor calidade. 150 euros.

No recinto feiral concentrábanse habitualmente unhas 1000 reses e, mesmo, máis, procedentes de lugares con tradición de gando de monte, como Argomoso, Curros e Campo de Oso (Mondoñedo), a Gañidoira (Muras), o Cadramón (Valadouro), Montouto e Labrada (Abadín), Moeche (Ferrolterra-A Coruña) etc.

No ano en curso –2005– unha folga do transporte deu lugar a que a feira de animais do feiral foran cabalos e eguas de poucos anos. Tamén, houbo algúns équidos amaestrados e preparados para a monta. Os seus prezos oscilaron segundo a idade e calidade do animal. Segundo Casiano Folgueira

(Santa María Maior-Mondoñedo), os poldros correntes venderonse entre 100 e 150 euros. Non embargantes, unha boa poldra podía chegar a costar ata os 500 euros. Francisco García (A Pastoriza), díxonos que os poldros algo bós podían chegar a costar ata 300 euros. Unha egua de calidade non se encontra por menos de 350 euros. Un cabalo amaestrado e disposto para a monta, podía chegar a valer uns 600 euros.

Respecto aos actos oficiais incluídos no programa festivo, cómpre salientar que os concellos de Ferrol e Mondoñedo reforzaron este día o seu irmanamento con varios actos conxuntos entre corporacións. A partires de agora, cada día grande das San Lucas, a corporación ferrolá, acompañada polos veciños que queiran sumarse, virá a vila mindoniense. E o día de S. Xosé, os mindonienses acudirán a Ferrol. Non embargantes a idea é que o irmanamento teña un carácter participativo, que deberá traducirse na reivindicación conxunta das orixes da Diocese e do legado espiritual dos primeiros bispos bretóns, na promoción de rutas turísticas que axuden a promocionar internacionalmente o patrimonio de Ferrol e de Mondoñedo, na protección do patrimonio monumental diocesano etc.

-
6. Mellor cabalo de tiro, percherón ou bretón. Macho e femia: 100 euros cada un no primeiro premio; 60 euros os segundos clasificados, e 30 euros para os terceiros.
 7. Premio especial ao mellor burro e burra: 60 euros.
 8. Mellor mula macho ou femia: 60 euros.
 9. Mellor potro nacido no ano 2005: 60 euros o primeiro clasificado e 30 euros para o segundo.
 10. Premio especial de 60 euros ao cabalo mellor enfeitado.

Ademais, o Real Coro “Toxos e Froes” de Ferrol, co gallo de cumprírense os cincuenta anos da publicación de “Merlín e familia” do escritor mindoniense Alvaro Cunqueiro, utilizou este día de As San Lucas para conceder o premio das letras de Bretaña ó escritor chairego Darío Xoán Cabana e tamén galardoar a once personalidades por manter vivo o espírito do devandito escritor. Así, citamos a Enrique Cal Pardo, Xosé Manuel Carballo Ferreiro, Félix Villares Mouteira, Ramón Loureiro, Carmiña Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Francisco Mayán Fernández, Esperanza Piñeiro, Ramón Pernas, Xulio López Valcárcel e Manuel Montero.

No ano 2012, as feiras e festas de “As San Lucas” celébraronse dende o día 17 ata o 21 de outono, sendo o día 18, o día principal adicado á festividade do santo.

O mércores, día 17, abriuse a edición número 856 das devanditas feiras e festas, que están consideradas como das máis antigas de Galicia. As 13 horas, o disparo das potentes bombas e o volteo das campás maiores da catedral anunciaron o comezo dos festexos. Logo, as 19 horas levouse a cabo a chegada tradicional á feira dunhas 300 reses de gando equino, pasando pola ponte de Pasatempo, os Muíños, praza do Seminario, praza da Catedral, Fonte Vella, con chegada ao “Campo dos Paxariños”. A continuación, as 19,45 horas tivo lugar na “Casa do Concello” a recepción oficial do pregoeiro D. Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega, e as diferentes autoridades. As 20 horas levaronse a cabo diante das tumbas de Manuel Leiras Pulpeiro –escritor– e de Pascual Veiga –músico– sendas ofrendas florais nas que o grupo entre “Lusco e Fusco” interpretou o Himno Galego. De seguido a comitiva e carroza das San Luqueiras⁷ partiu cara o Auditorio Municipal Pascual Veiga, acompañados polos Cocos e Cabezudos, onde o doutor D. Ramón Villares Paz ía pronunciar o pregón, e, logo, ía ter lugar a actuación do coro “Mestre Pacheco” da Escola Municipal “O Pallarego” de Mondoñedo. Como remate, as orquestras Marbella e Palladium amenizaron na Alameda a primeira verbena.

O xoves 18, día de “As San Lucas”, realizouse a partir das 8 horas a gran feira tradicional de gando cabalar no “Campo dos Paxariños”⁸. Ás 11 horas tivo lugar a chegada das San Luqueiras das Festas ao recinto da Feira Cabalar acompañadas dos cabezudos e o grupo de gaitas “Souto Xímaro”. Ás 12,30 horas levouse a cabo a

⁸ Dende primeiras hora da mañá moitas persoas pasaron polo recinto, admirando os resistentes cabalos que se crían nos montes que circundan Mondoñedo. Tamén presenciaron os negocios de compraventa, e o trato que se pecha cun simple apretón de mans.

recepción oficial no Salón de Plenos da “Casa do Concello” á Corporación do Excmo. Concello de Ferrol con motivo do Acto de Irmanamento. Ás 17,30 horas realizouse no Recinto da Granxa o concurso de Andadura Galega (libre) nas modalidades Serrada e Chapeada⁹. Ás 19,30 horas fíxose no Auditorio Municipal Pascual Veiga a noite de monólogos coa actuación de “Pepo Suevos”. Este día finalizou coa actuación das orquestras Fania e Philadelphia.

O venres, día 19, as 12 horas realizouse o pasarrúas das San Luqueiras das Festas, acompañadas dos cabezudos e da charanga mindoniense “Manca na Cheda”. As 16,30 levaronse a cabo xogos populares na Praza da Catedral¹⁰. Ás 17 e ás 19 horas tivo lugar no Campo dos Paxariños unha exhibición de Rapa e aloitamento do home co cabalo¹¹. Ás 20,30 horas o grupo teatral “O Bordelo” puxo en escea no Auditorio Municipal Pascual Veiga a obra “Quintana de vivos, anguria dos orfos”. Como remate, as orquestras Galilea e Costa Oeste amenizaron a festa verbena a partir das 21,30 horas.

O sábado, día 20, a partir das 12,30 horas levouse a cabo o Concurso Morfolóxico de Cabalos de Pura Raza Galega, tanto na Sección Sementais maiores de tres anos, como na de Eguas maiores de tres anos¹². Ás 17 horas deu comezo o Encontro Folclórico polas principias rúas de Mondoñedo levado a cabo polas seguintes agrupacións: “Arco da Vella” de San Miguel; “Agrupación Musical Río Miño” de Portomarín; “Lusco e Fusco” de Vilalba e actuación conxunta da “Banda de Música de Burela” coa “Banda de Gaitas Dambara” de Burela. Tódolos grupos conflúen na praza da catedral onde realizarán unha actuación. Ás 19 horas celebrouse no “Campo dos Paxariños” unha exhibición de Doma de Alta Escola en rendas longas e traballos de doma en liberdade con Cabalos de Pura Raza Galega¹³. As 21,30 horas deu comezo a festa verbena a cargo dos grupos Cinema e Tekila.

O domingo, día 21, último día das festas, chamábase “día das Maulas” xa que os feirantes adoitaban vender os derradeiros produtos que ficaban. Como nos días

⁹ Concurso de Andadura Galega na modalidade de Serrada (dous tempos). Concurso de Andadura Galega na modalidade de Chapeada (catro tempos). Premios: 1º-80 E.; 2º- 60 E; 3º- 50 E; 4º 30 E para cada modalidade e trofeo.

¹⁰ Tanto estes xogos como os celebrados as 11,30 na Alameda de Os Remedios foron organizados pola Delegación de Deportes do Concello de Mondoñedo coa colaboración da Asociación O Pasatempo e da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

¹¹ Foi realizada polo Curro do Campo do Oso de Mondoñedo.

¹² Tanto nunha sección como na outra os premios foron: 1º- 120 E; 2º 70 E; 3º-50 E; 4º- 30 E.

¹³ A sección de doma da Asociación Pura Raza Cabalo Galego levou a cabo a exhibición.

anteriores, houbo pasarrúas pola vila¹⁴, breve sesión musical denantes de xantar¹⁵, e, á noite, dúas agrupacións musicais amenizaron este fin de festas¹⁶. Ás 17,30 horas celébrase o I Concurso de Cabalos Trotóns “As San Lucas”¹⁷. Así mesmo, como tódolos anos, celébrase na catedral mindoniense un oficio relixioso para conmemorar a consagración deste recinto sacro, levada a cabo polo bispo D. Martín na primeira metade do século XIII.

Dende o punto de vista relixioso, os fieis acudiron ao santuario dos Remedios a honrar ao S. Lucas, oendo unhas das seis misas que se oficiaron neste día, catro pola mañá, e dúas pola tarde. Ao mesmo tempo, houbo devotos que aproveitaron a ocasión para poñer “a imaxe da Virxe”. Non embargantes, hai anos, os días adicados ao San Lucas, viñan máis romeiros a cumpriren con determinados rituais. Así, o pensador mindoniense Cunqueiro dínos: “apiñanse os romeiros ante o altar, e outros sentados nos bancos da entrada da igrexa dos Remedios, dan parte dos seus males e enfermidades. Entran romeiros con exvotos de cera, e mulleres que axeonlladas dan voltas ó templo. Os mendigos de sempre, tenden a man ós que entran rezar...” Probablemente a devoción existente estos días no santuario, sexa en gran medida unha prolongación da que existe dun xeito permanente nesta igrexa en honor da Virxe dos Remedios. Non embargantes, na parroquia de Santiago de Mondoñedo, oficiase unha misa solemne e, logo, algúns fregueses levan a imaxe do San Lucas en procesión polas principais rúas da vila.

Neste tempo de festa, os veciños do concello, os seus invitados, e as persoas foráneas participan nas diferentes manifestacións festivas que se levan a cabo nos devanditos días. Así, é raro o día que as persoas que teñen cativos non os leven ao recinto feiral da Alameda para que poidan disfrutar dos diferentes carruseis axeitados a súa idade. Hai que ter en conta que, se hai anos atraccións esperadas con ilusión, como o Barriga Verde, provista de pallasos que tocaban varios instrumentos musicais, facían as delicias dos cativos, hoxe, como nos di Ana Aurora Villalba, as barracas de teatro, mimos e música deron lugar ós coches de choque e coloridos tiouvivos que fan os deleites dos nenos desta era dominada polos satélites e a informática.

Mentres tanto, as persoas adultas percorren os diferentes postos de venda ambulantes, que hai polas rúas mindonienses. Neste postos poden encontrarse unha

¹⁴ Pasarrúas a cargo da Charanga Mindoniense “Manca na Cheda”.

¹⁵ Sesión Vermú a cargo da orquestra “Nueva Generación”.

¹⁶ Remate das feiras e festas coa verbena amenizada kpolas orquestras Nueva Generación e Panorama.

¹⁷ Hai os seguinte premios: 1º-80 E; 2º- 60 E; 3º- 50 E; 4º- 30 E.

variedade de productos: alimenticios, calzado, todo tipo de roupa; artesanía do metal, da madeira, da pedra, do ferro; reloxos, de diferentes marcas; discos, útiles domésticos etc. Sen dúbida, algúns productos expostos van sendo introducidos coa modernidade, mais outros constitúen no intre actual unha mostra etnográfica do pasado.

Agora ben, hai aspectos da festa que poden cambiar nas súas aparencias externas máis non nos seus aspectos esenciais, que permanecen malia os cambios existentes. Un destes aspectos, moi ligados coa nosa gastronomía, e “o polvo a feira”. Sen dúbida, o marco espacial ligado ao polvo –casetas, bancos, servizos etc.– cambiou, ao igual que as condicións hixiénicas, mais o produto segue aí, e dende hai moitos anos a xente acude ás casetas de polvo, instaladas na Alameda e nos seus arredores, en grupos, e cambian informacións variadas relacionadas co evento que se está a vivir ou sobre outros aspectos da vida.

Por outra banda, estas festas sempre eran e son esperadas con moita ilusión. Non embargantes, antano mentres os homes adicábanse, dun xeito preferente, a mercar unha res equina, pola contra as mulleres ocupábanse de comprar aqueles productos destinaídos a alimentación e tamen diferentes utensilios necesarios para a casa. No intre actual, esta dobre funcionalidade diminuí bastante, xa que o ambiente festivo está ocupando paseniño o primeiro lugar respecto ás outras funcións.

Non é estraño que as verbenas constitúan o reflicte lúdico máis importante para as persoas maduras e da terceira idade, que adoitan participar por medio do baile ou da contemplación directa das diferentes atraccións musicais. Non embargantes, a participación dos xoves é cada vez máis escasa se exceptuamos cando se celebra un concerto axeitado aos seus gustos. Non é estraño ver, como un bo número de xoves, aínda que haxa festa na súa comunidade, canalizan o seu lecer de cara aos pubs, discotecas e, nos últimos anos, a espazos abertos, onde o alcohol xoga un papel transcendente.

Finalmente, destas festas de sona, faláron moitos escritores da terra e do exterior. Como exemplos representativos, facemos mención de Noriega Varela, que nunha das súas estrofas vinculadas as San Lucas, dinos:

***“As San Lucas me lembrou
aquele contar. ¡qué tres días
con tres noites! e ¡qué crías
van feirear!...”***

Pola súa banda Álvaro Cunqueiro alude ás San Lucas do seguinte xeito:

“Todavía de los altos pastos, de las brañas y de la camposa, baja el caballar bravo y los potros que vienen en línea directa de los asturcones, alabados por el romano Plinius dixit-; la grea, es decir, la grey, corre por las viejas rúas, vivaz, hacia el ferial....

Pero el mular más apreciado aquí es meirego, es decir, del Cister de Santa María la Real de Meira, abadía que surtía de mulas de paso solemne y bandeado a las ilustres casas del Cister en España...

Cuando se invita a alguien a venir a Mondoñedo, a San Lucas, se invita, pues, a una feria medieval, en una ciudad antigua, que muestra sus años. Y la ciudad la tenemos puesta por quienes la fundaron, en el corazón de un valle hermosísimo, que precisamente ahora en otoño es mas rico que nunca en color.”

3. AS SAN LUCAS NA PRENSA

ANO 2009. Diario “El Progreso” de Lugo. 19-10-2009. M.A.N. Mondoñedo. páx.10.

“La participación de 2.000 cabezas de ganado caballar desbordó el domingo 18 de octubre todas las previsiones de la organización de la feria de As San Lucas, en Mondoñedo...La aglomeración de público fue constante durante toda la jornada y hará que la celebración de este año pase a la historia como una de las más concurridas de los últimos tiempos...

La organización destaca la alta participación registrada en el concurso morfológico de caballos de pura raza gallega, que contó con 21 inscritos, en la final de la Copa de Galicia...

El ganadero que aportó más cabezas del monte, con un mínimo de 100, fue José Garcia, que se embolsó 850 euros; le siguió Esteban Doval Carracedo, que recibió 550 euros. Moisés García recibió el del mejor caballo gallego de monte y la mejor yegua, la presentó Francisco García. También entregaron siete premios iguales a otros tantos ganaderos que llevaron más de 25 équidos...”

ANO 2011. Diario “La Voz de Galicia”. A Coruña.19-10-2011.I.F. /Mondoñedo.

“Más de 50.000 personas acudieron ayer a Mondoñedo para disfrutar de las ferias y fiestas de As San Lucas. En el recinto del Campo dos Paxariños se concentraron más de 2.500 reses. La organización repartió 5.500 euros en premios. El mindoniense Luciano García, con un centenar de caballos, se llevó el primer galardón por el mayor número de cabezas (850 euros); y Amancio Ares Rivas, el segundo (550). Ricardo Veiga obtuvo 200 euros por el mayor grupo de caballos de pura raza gallega. El premio al mejor caballo de pura raza gallega (150 euros) fue para José Garcia; y el de la mejor yegua (150 euros), para Lino Rodríguez....

Este año en la feria caballar destacó un elemento novedoso ya que se prolongó durante cerca de 24 horas. Los primeros ejemplares, unos 200, recalaron en el recinto pasadas las ocho de la tarde del lunes, en una espectacular entrada por la plaza da Catedral y el Campo dos Paxariños permaneció lleno hasta las seis de la tarde de ayer”.

ANO 2011. Diario “El Progreso” de Lugo. 19-10-2011. “Os cabalos hoxe non dan para vivir”. Susana L. Montes /El Progreso (A Mariña).

“Valencia, Barcelona, Castilla o Asturias son algunas de las localidades a las que antaño viajaban las reses que se vendían en Mondoñedo, unas rutas que han quedado casi cerradas y ahora la mayoría de lo que se vende queda por la zona. El hecho de que en Galicia se consuma poco la carne de potro y de que en las casas de labranza los caballos hayan quedado relegados por los tractores en las tareas del campo incluye de forma negativa en las ventas, una bajada a la que también ha ayudado la crisis. Juan Barreira, un veterano de estos festejos, a los que no falta desde hace 52 años advierte que “dende hai cinco anos a cousa vai moi mal”. Recuerda las 35.000 pesetas que se pagaban hace un par de décadas por un animal. José García de Argomoso constata que “teño vido hai 30 anos comprar e pagar, ao cambio, 200 euros por un animal polo que agora dánme cen”. Seu tío, con más de medio siglo de As San Lucas a sus espaldas recuerda que “antes vendíanse potros, eguas e mulares polo que valían, e agora hai que regalalas”...

4. CONSIDERACIÓNS SOBRE OS REMEDIOS E AS SAN LUCAS.

O santuario dos Remedios, aínda que funciona como igrexa parroquial, posuía, entre os séculos XVI a boa parte do XX, un territorio de graza moi importante xa que abarcaba a tódolos concellos próximos ás terras mindonienses, chegando a súa área de influencia mesmo ata a mariña lucense, como queda reflectido nos versos que Lence-Santar Guitián lle adicou á advocación mariana.

Na actualidade, a influencia do recinto sagrado quedou restrinxida, dun xeito preferente, ao municipio mindoniense e a outros colindantes. Ademais, cómpre sinalar que tódolos anos adoitan vir algúns fieis do concello da diocese de Mondoñedo-Ferrol, que realiza a ofrenda, por medio do seu alcalde, a patroa da devandita diocese.

O descenso paseniño de devotos puido deberse a que no territorio de graza deste santuario aparecen outras igrexas adicadas a diferentes advocacións de Cristo, da Virxe e doutros santos, o que permite a moitas persoas doentes e con outro tipo de problemas achegarse a santuarios máis cercanos cos mesmos pedimentos. Así mesmo o aumento do nivel cultural nas comunidades rurais e os medios de comunicación social constitúen importantes canles para coñecer outras visións relixiosas e seculares do mundo que, sen dúbida, foron reducindo o carácter operativo de certas prácticas rituais.

Non embargantes, dentro dunha mentalidade cristiá, a advocación mariana dos Remedios actúa como mediadora perante Deus. Isto motiva que os devotos posúan un código comunicativo coa entidade sacra, baseado en signos lingüísticos e actitudes somáticas, que ten como finalidade acadar a súa protección e indulxencia así como o agradecemento polo don outorgado. Esta ligazón queda reflectida nunha serie de promesas. Algunhas de índole oficialista, como oír misa, participar na procesión, ofrecer misas, dar unha esmola en metálico. Outras, pola contra, de base popular, como calquera ritual de contacto coa imaxe mariana, o ritual de circunvalación ó redor da igrexa, ofrecer exvotos etc. No intre actual, aínda hai fieis do concello mindoniense que, denantes de entrar en contacto coa advocación mariana, se purifican acudindo andando ó templo dende o seu lugar de orixe.

Por outra banda, nambalas dúas festividades, hai elementos diferenciadores ligados co ámbito relixioso e profano. Nas S. Lucas, a dimensión relixiosa está patente tanto na igrexa dos Remedios, onde o día 18 oficianse catro misas pola mañá e dúas pola tarde, como na igrexa parroquial de Santiago de Mondoñedo, onde se celebra unha misa solemne ó mediodía e, logo, sacan a procesión. Non embargantes, dende un punto de vista operativo, pensamos que os diferentes rituais que se levan a cabo no santuario mariano están máis ligados coa devoción á Virxe que ao Santo, ficando o seu culto reducido á misa solemne e a procesión da parroquial de Santiago.


Respecto ao ámbito profano, as festas do outono gozan dunha maior relevancia que as de setembro, xa que hai máis días de festa, maior afluencia de público, máis postos de venda, mais cohetes, máis pulperías, máis carruseis, pronúnciase un pregón, hai reina e damas de honra etc. De tódolos xeitos, nambalas dúas hai actividades lúdico-festivas comúns nos días de celebración, como os pasarrúas de bandas, charangas e grupos de gaitas, e a celebración de verbenas, nas que o marco espacial cambia da Alameda –festa dos Remedios– á praza da Catedral –festa de As San Lucas.

Así mesmo, tanto na festividade da patroa como na do patrón, hai un trazo común que establece unha vinculación entre ambas dúas. Se trata do pulo cívico comunitario que proiectan de cara ó exterior. Así, ambas dúas festas constitúen unha expresión da identidade da comunidade, da cohesión como grupo. Os seus membros se reúnen en torno aos seus santos patróns, que exercen un rol de mediación, xa que a eles van dirixidos tódolos problemas que poden perturbar á comunidade, tanto dun xeito individual como colectivo. Tamén amosan un rol paradigmático en canto actúan como modelos da ética e da moral.

Por outra banda, durante as festas a comunidade convírtese –según Lisón Tolosana– nun gran teatro ritual celebrado nos espazos públicos e sagrados, como a praza, as rúas, a igrexa e o adro. Os veciños son os actores e participan, dun xeito hondo nas festas, reforzando o seu sentido comunitari.o.

Tamén a festa posibilita unha abertura ó exterior, que queda reflectida no intre da comensalía, na que as diferentes familias do concello invitan aos seus parentes e amigos para reforzar e consolidar as súas relacións. Ademais, a festa posibilita que os integrantes doutras comunidades veciñas, vexan o esplendor do evento, e tenten emúlalo, cando sexa o momento axeitado.

5. ILUSTRACIÓNS DE “AS SAN LUCAS”.





O SAN LUCAS É VENERADO NO TEMPLO DOS REMEDIOS



RITUAL DE CONTACTO



***NA FESTIVIDADE DO SAN LUCAS ADOITA TAMÉN BICARSE A IMAXE DA
VIRXE DOS REMEDIOS***



GANDO EQUINO NO CAMPO DOS PAXARIÑOS



FEIRANTES TRATANDO UNHA COMPRAVENDA



DOUS FEIRANTES REALIZANDO UN TRATO DE COMPRAVENDA



FEIRA DE GANDO EQUINO NO “CAMPO DOS PAXARIÑOS”

TURGALICIA.ES



O POLBO PLATO TÍPICO DA FEIRA MINDONIENSE



DIVERSIDADE DE POSTOS AMBULANTES

III. SANTUARIO DA VIRXE DOS MILAGRES

1. SITUACIÓN E TRAZOS ARTÍSTICOS.

COORDENADAS U.T.M.

X: 635.009

Y: 4.820.917

A efectos civís o recinto sacro está situado na parroquia de Oirán, pertencente ao municipio de Mondoñedo e a provincia de Lugo; desde unha óptica eclesiástica forma parte da freguesía de San Estebo de Oirán, arciprestado de O Valadouro, e diócese de Mondoñedo-Ferrol. Conta con 233 habitantes (INE. 2007), distribuídos nas entidades de Burgo, Centeás e Xercido. Dista 7,4 km. da capital do municipio coa que se comunida por unha estrada local.

A nivel artístico, trátase dunha igrexa construída no século XVIII. Consta dunha nave, dunha capela maior e dunha sacristía. Sobre a fachada hai unha espadana de dous corpos e tres ocos, coroana por unha imaxe de pedra de San Estebo. No seu interior hai tres retábulos:

O maior, que amosa as imaxes do titular San Estebo, talle do século XVIII; San Pedro Apóstolo e San Xosé, talles do século XVII. O retábulo dereito coas imaxes modernas de San Ramón, San Xoán Bautista e a Virxe do Carme. O retábulo esquerdo, dun só corpo, é semellante ao seu fronteiro.

Na sacristía cómpre resaltar unha taboa, que representa a Cristo coa cruz rodeado dunhas trinta figuras, do século XVI con reminiscencias goticistas e populares. Tamén un Cristo de madeira tallado, do século XVIII, e unha imaxe pequena de bicar de San Estebo.

2. PIEDADE POPULAR.

Neste recinto sagrado se celebra a festividade mariana dos Milagres, os días 24 e 25 de maio. A influencia do santuario abrangue non só a parroquias do concello mindoniense, senón tamén a concellos próximos como Alfoz, Barreiros, Ferreira, Foz, Lourenzá e Ribadeo. O resto do ano este recinto funciona como igrexa parroquial, aínda que poden vir devotos de ofrenda.

Os pedimentos máis usuais adoitan facerse por doenzas humanas. Sen embargo, os devotos tamén formulan rogativas de carácter preventivo non só por doenzas, senón fronte a crises da propia facenda ou problemas de índole familiar e social. Ás veces, os pedimentos adoitan levarse a cabo por fieis que non poden acudir ao santuario por razóns de índole físico e psíquico.

2.1. RITUAIS E OFRENDAS.

As peticións dos fieis suponen unha actitude de submisión á Virxe, que é considerada como unha importante mediadora perante de Deus (liturxia oficial) e, tamén, como unha entidade con poder propio. Para expresar este sometemento ó poder sacro, os ofrecidos cumpren cunha serie de promesas que poden realizarse, indistintamente, denantes ou despois da concesión do pedimento. Para iso, os devotos adoitan tomar parte en diferentes rituais e ofrendas que describo a continuación:

O 24 de maio, un bo número de devotos veñen, tamén, andando dende cadanseu lugar de orixe –Alfoz, Lourenzá, Mondoñedo– como sacrificio previo denantes de entrar en contacto co sagrado. Logo de acceder ó santuario, algúns dan unha ou máis voltas de pé, calzados ou descalzos arredor do mesmo cunha imaxe pequena da Virxe. Oen unha das misas que se ofician durante a mañá – 10,30 e 11,30- e primeira hora da tarde –13 horas–, que é o momento no que se concelebra unha misa cantada, participando o párroco e algúns cregos de parroquias limítrofes –Lourenza, Ferreira–. O día 25 de maio se ofician dúas misas: as 12 e as 13 horas.

Ó rematar a misa cantada, celébrase a procesión que dá unha volta ó redor do templo parroquial. A disposición dos seus elementos é a seguinte: unha cruz e un pendón parroquial, levados por fregueses da parroquia; tres estandartes, que representan á Virxe do Carme, ao Corazón de María e a Virxe dos Milagres, levados por devotos e fregueses; logo a imaxe do Neno Xesús, levado nas andas por catro mulleres da freguesía; a continuación, a advocación mariana dos Milagres, levada nas andas por catro homes da comunidade. Precedendo á imaxe mariana, van tres rapazas botando pétalos de rosas polo chan; como remate, os cregos concelebrantes e os fieis colocados sen distinción de idade e sexo.

Ben denantes da procesión ou ó seu remate, bastantes devotos realizan dous rituais de contacto coa imaxe de devoción: o de “poñer o santo” e o ritual de contacto activo

coa imaxe estática. O primeiro deles consiste en que o párroco, cunha imaxe pequena da advocación mariana, fai o sinal da cruz por riba da cabeza dos fieis, que bican a imaxe e deixan unha esmola ó seu carón, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria:

***“Cristo vive,
Cristo reina,
Cristo che quite a enfermidade,
che dea a sanidade.
Polo poder que Dios ten
E a Virxen gloriosa. Amén”.***

Tamén o párroco de Lourenzá axuda a “poñer o santo”, substituíndo ao de Oirán por razóns de culto. Neste caso a pregaría que emprega é diferente. E así, no inicio da pregaría, cita o nome da persoa, que vai realizar o ritual, e, logo dice:

***“que o Señor te libre da enfermidade,
e che dea a sanidad,
pola intercesión da Virxen María. Amén.***

O segundo ritual se basa en que algúns devotos tocan a imaxe da Virxe coas súas mans, panos e outros obxectos que, logo, serán usados cunha finalidade profiláctica e curativa.

Ata hai poucos anos o día 24 de maio levábase a cabo a “bendición de animais”. Viñan devotos preferentemente da parroquia con cabalos, cabras, cans, ovellas, e vacas e percorrían o perímetro do santuario, mentres que o párroco da freguesía usaba o hisopo con auga bendita e recitaba a pregaría adicada á bendición dos animais, que dí o seguinte:

“Oh Dios, que todo lo hiciste con sabiduría, y que después de crear al hombre a tu imagen, le diste con tu bendición el dominio sobre todos los animales. Extiende tu mano con benevolencia y concédenos que estos animales nos sirvan de ayuda y nosotros, tus servidores, ayudados con los bienes presentes busquemos con más confianza los frutos. Por Jesucristo Nrtro. Señor. Amén”.

Como compensación polos favores recibidos, ou como ofrenda propiciatoria, os romeiros entregan unha esmola en metálico no intre de poñer á advocación mariana, ou depositana nos petos que hai no santuario. Tamén ofrendan “velóns” –cirios pequenos–

e algunhas candeas da mesma altura que a do ofrendante. Outro donativo é o de figuras de cera que representan total ou parcialmente o corpo humano. Tanto unhas coma outras colócanse na marxe esquerda do presbiterio. Estas ofrendas de cera véndense nun posto que se encontran nas proximidades do recinto sagrado. O seu prezo é o seguinte: exvotos de cera: 2 euros; velas da mesma altura que a do ofrendante: 5 euros; cirios pequenos ou “velóns”: 1 euro. Tamén hai algúns devotos que entregan á Virxe ramos de flores. De feito o arco de flores, que amosa a imaxe mariana, foi realizado por Amparo Villaranea e Remedios Villaranea da parroquia de Oirán.

Logo de cumpriren os diferentes oficios relixiosos, os fieis da parroquia, devotos e invitados participan do feiral laico.

3. ILUSTRACIÓNS.



DEVOTA MERCANDO UNHA CANDEA NUN POSTO DE EXVOTOS



RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN



RITUAL DE “POÑER O SANTO”



RITUAL DE CONTACTO



FIGURAS DE CERA



RITUAL PROCESIONAL

IV. SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DO CARME.

1. SITUACIÓN.

COORDENADAS U.T.M.

X: 633.540 Y: 4.809.668

P.Eclesiástico. Freguesía da Nosa Sra. do Carme de Mondoñedo. Arciprestado de Mondoñedo. Diócese de Mondoñedo-Ferrol.

P. Civil. Parroquia do Carme. Concello lucense de Mondoñedo.

2. RESEÑA ARTÍSTICA DO SANTUARIO.

É unha capela que consta dos seguintes elementos: unha nave cuberta de madeira a dúas augas; un arco triunfal de medio punto; unha capela maior cadrada; un arco de medio punto na entrada; un pórtico cuberto de madeira e sostido por seis piastras de granito. No seu interior hai un retábulo barroco de dous corpos, salomónico, de boa talle dourada e de principios do século XVIII; contén unha fermosa imaxe barroco da Virxe do Carme e un Cristo, tamén barroco. Outra imaxe do Carme e unha Dolorosa, ámbas as dúas obras populares do século XVIII. Unha talle do Divino Salvador, policromada, do século XVII.

3. PIEDADE POPULAR.

3.1. FESTIVIDADE. Celébrase o sábado e o domingo máis próximos ao 16 de Xullo.

3.2. TERRITORIO DE GRAZA. Acoden devotos preferentemente da vila de Mondoñedo e de parroquias limítrofes.

3.3. PETICIÓNS. Doenzas humanas.

3.4. RITUAIS.

3.4.1. Celebración dunha misa a primeiras horas da tarde.

3.4.2. Ritual da procesión. Logo da cruz parroquial, portada por un membro da freguesía, van a imaxe do San Isidro e as imaxes marianas do Carme e de Santa María da Cabeza, que son levadas nas andas por fregueses da comunidade, que percorren o perímetro da capela.

3.4.2. Algúns devotos tocan coas súas mans e panos a imaxe da Virxe e, logo, pasan os por diversas partes do corpo cunha finalidade profiláctica e curativa.

3.5. OFRENDAS.

3.5.1. Algúns ramos de flores, que ornamentan a imaxe da Virxe.

3.5.2. Algunhas misas.

3.5.3. Algúns velóns, que permanecen acesos no interior da capela.

3.5.4. Esmola en metálico, que os devotos adoitan deixar nunha boeta da capela, ou ben aportar no transcurso da misa.

V. OUTRAS FESTAS DO CONCELLO MINDONIENSE

Dende o 28 de abril ao 1 de maio celébrase a vixésimo terceira edición das festas e feiras de as Quendas, que teñen a súa orixe no século XVI. Esta festa recibiu un pulo por parte dos integrantes da comisión de feiras e festas de “As San Lucas” do ano 1984, quenes organizaron a primeira festa da empanada coa intención de darlle un maior realce as feiras de as Quendas.

A empanada ten forma de media lúa, e adoita ser de bonito ou zorza. A súa venda realízase, dun xeito preferente, o día 1 de maio, que é o día propio destas feiras. Ademais deste produto, véndese polvo, lacón e xamón cocido, churrasco etc.

Mentres tanto, no campo dos Paxariños, situado fronte a Alameda, lévase a cabo unha importante feira de gando cabalar, na que unha boa parte dos tratos entre compradores e vendedores aínda seguense facendo cun apretón de mans.

Así mesmo, na rúa das San Lucas, que sube dende o centro da vila ata o campo dos Paxariños, sitúanse bastantes postos de venda dos artigos máis variados, como guarnicións para os cabalos, aparellos de labranza, calzado, roupa en xeral, frutas, pan etc.

Nos días da feira-festa, celébrase o descenso de carrilanas no circuito mindoniense que abrangue dende “os Picos a Pelouaín”. Tamén, desfilan polo centro histórico pasarrúas, acompañados dos xigantes e cabezudos. Como remate, case tódolos días a noiteña, dúas orquestras amenizan as verbenas ata altas horas da madrugada.

No curro do Campo do Oso, situado entre os concellos de A Pastoriza e Mondoñedo, celébrase “a rapa das bestas” o último domingo de xuño.

Pola madrugada, os mozos suben ao monte e, dirixidos por un home experto ao que chaman “o bestilleiro”, van acurrulando aos cabalos. Logo, fanos descender nunha

vistosa galopada ata chegaren ao curro, que consta dunhas empalizadas e un peche de tea metálica.

Alí, os gandeiros con máis experiencia manteñen un forcexeo co cabalo ata que o reducen. Nese intre, cortan as súas crines e márcano. Esta operación lévase a cabo cos demais animais. Non embargantes, os máis novos son postos en liberdade.

Sen dúbida “a rapa” é un espectáculo de forza e vistosidade que de ano en ano atrae a un maior número de persoas

A mediados do mes de xullo, celébrase dende hai poucos anos, a festa da Ensalada. O obxectivo da mesma é amosar de cara ó exterior os diferentes productos hortícolas do val de Mondoñedo. Para darlle unha maior transcendencia realízase un concurso de ensaladas coa súa pertinente degustación. Esta xornada gastronómica que constitue un atractivo para o turismo, está amenizada por algúns grupo musical ou charanga de tradición galega.

A segunda fin de semán do mes de agosto miles de pesoas acoden á vila mindoniense para disfrutar do decimocuarto Mercado Medieval, un festexo que naceu para homenaxear ao turista e que xa é unha cita totalmente consolidada. O mercado nos seus inicios adoitaba celebrarse na xornada do sábado, non embargantes, no intre actual, prolóngase dende a tarde do venres ata a noite do domingo.

Na praza da Catedral e nas principais rúas da cidade, colócanse diferentes postos comerciais onde o público asistente poderá mercar diferentes productos de coiro, esparto, cera, talla en madeira, xoguetes, zapatos, roupa en xeral, orfebrería, cerámica, herbas menciñeiras, producto gastronómicos da zona. Ademais, nos talleres de oficio medievais, os diferentes artesanos levarán a cabo diferentes representacións que serán seguidas polo público asistente.

Polo mercado, tamén aparecen bufóns, malabaristas, trovadores, mendigos, soldados, verdugos, frailes, cegos narradores, mesmo Pardo de Cela e a súa dona, que tentan revivir por unhas horas o espírito da Idade Media.

Finalmente, as diferentes representación e simbolizacións do Medievo, rematan á noitiña cunha cea medieval.

Por outra banda, na vila mindoniense hai unha serie de barrios –como os Muíños, e S. Roque, e parroquias próximas, como a do Carmio, onde se celebran devocións populares de índole localista. Así, nos Muíños, conmemórase o día 25 de xullo, a festividade de Santiago; no S. Roque, a festividade do mesmo nome, o 15 de agosto; e

no Carmio, o 16 de xullo, a festividade do Carmio. Nestas festividade, o crego encargado da capela respectiva, oficia unha misa solemne; logo, saca a imaxe sagrada en procesión; e, como remate, adoita realizarse “o ritual de poñer o santo”.

Pois ben, as festas de barrio –segundo González Reboredo– convértense nun referente importante de identidade inmediata contando cun santo que recibe veneración nunca capela. As festas de aldeas, barrios, lugares... son unha imitación **das parroquias**, xa que amosan unha dimensión relixiosa, reflectida na misa solemne e procesión, e outra profana, expresada por medio do baile.

VI. BIBLIOGRAFÍA

CARDESO LIÑARES, J.: *Santuarios marianos de Galicia*, A Coruña: Ed. de Caixa Galicia, 1995, páxs. 141-152.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José: *Guía para marianos visitar los santuarios. V. II. Serie* “María en los pueblos de España”. Madrid: Ed. Encuentro, 1989, páxs. 202-205.

CUNQUEIRO MORA, Álvaro: *El pasajero en Galicia*, Barcelona: Ed. Tusquets 1989.

FERNÁNDEZ VILLALBA, José Isidro: *Mondoñedo. Regreso al Pasado*. (Recopilación de Artigos publicados en diferentes medios de comunicación por D. Eduardo Lence-Santar y Guitián). “Las fiestas de San Lucas de 1895”, páxs. 114-117. “La novena de la Virgen de los Remedios, patrona de Mondoñedo”, páxs. 140-147. “Fiestas a Nuestra Señora de los Remedios, patrona de Mondoñedo”, páxs. 148-152. Publicaciones del Museo Catedralicio y Diocesano de Mondoñedo, 1999.

FERNÁNDEZ VILLALBA, José Isidro: *Mondoñedo. Regreso al Pasado II*. (Recopilación de Artigos publicados en diferentes medios de comunicación por D. Eduardo Lence-Santar y Guitián). “El Santuario de los Remedios”, páxs. 150-153. Publicaciones del Museo Catedralicio y Diocesano de Mondoñedo, 2000.

FERNÁNDEZ VILLALBA, José Isidro: *Mondoñedo. Regreso al Pasado III*. (Recopilación de Artigos publicados en diferentes medios de comunicación por D. Eduardo Lence-Santar y Guitián). “As San Lucas”, páxs. 26-29. Publicaciones del Museo Catedralicio y Diocesano de Mondoñedo, 2001.

FERNÁNDEZ VILLALBA, José Isidro: *Mondoñedo. Regreso al Pasado IV*. (Recopilación de Artigos publicados en diferentes medios de comunicación por D. Eduardo Lence-Santar y Guitián). De Mondoñedo. Emigración-Fiesta de los Remedios. Publicaciones del Museo Catedralicio y Diocesano de Mondoñedo, 2002.

FERNÁNDEZ VILLALBA, José Isidro: **Mondoñedo. Regreso al Pasado V.** (Recopilación de Artigos publicados en diferentes medios de comunicación por D. Eduardo Lence-Santar y Guitián). “El Santuario de Nuestra Señora de los Remedios”, páxs. 129-140. Publicaciones del Museo Catedralicio y Diocesano de Mondoñedo, 2002.

FERNÁNDEZ VILLALBA, José Isidro: **VI Mondoñedo. Regreso al Pasado.** (Recopilación de Artigos publicados en diferentes medios de comunicación por D. Eduardo Lence-Santar y Guitián).

“Fiestas de Nuestra Señora de los Remedios”, páxs. 17-21.

“As San Lucas de Mondoñedo”, paxs. 54-55.

“Nuestra Señora de los Remedios de Mondoñedo”, páxs. 76-79.

“Las famosas ferias de San Lucas y Concursos de Ganado”, páxs. 80-81.

“Las ferias de San Lucas”, páxs. 97-99.

Publicaciones del Museo Catedralicio y Diocesano de Mondoñedo, 2004.

FRAGUAS FRAGUAS, Antonio: **Romarías e Santuarios.** Vigo: Ed. Galaxia, 1988, páxs. 129-135.

GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: **Guía de festas populares de Galicia.** Vigo: Ed. Galaxia, 1997, paxs. 205-206.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo: **Antropología social y hermenéutica.** Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1983, páxs. 60-61.

NIETO, Amparo y SUEIRO, Jorge-Víctor: Galicia. **Romería interminable.** Madrid: Ed. Penthalon, 1984, páx. 279.

MAYÁN FERNÁNDEZ, Francisco: **Historia de Mondoñedo (cap. 4).** Lugo: Deputación Provincial, 1994.

SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián: “Santuario de Os Remedios. Mondoñedo”, en **Inventario Artístico de Lugo y su provincia, Centro Nacional de Información Artística y Arqueológica, t. IV**, Madrid, 1980, paxs. 197-200.

TRAPERO PARDO, José: **Santuario de los Remedios.** Mondoñedo: Tip. La Voz de la Verdad, Lugo, 1946.

TRAPERO PARDO, José: “Dos pilares básicos del Mondoñedo actual”, en **Semblanza de Mondoñedo**, Imp. Suc. de Mancebo, 1982, páx. 5.

VILLALBA BARREIRA, Ana Aurora: **As San Lucas. Feiras e festas (dende 1156).** Mondoñedo: Deputación Provincial de Lugo, 2001.